



Excmo. Sr. D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente Comunidade Autónoma de Galicia
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15705 Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Excmo. Sr. Presidente:

Dirixome a vostede, en calidade de Presidente de ANPE Galicia, coa fin de poñer de relevancia, unha vez máis, o papel fundamental da enfermería escolar en todos os centros educativos públicos da Comunidade de Galicia, máxime no actual contexto crítico, xerado pola COVID-19.

ANPE, sindicato independente do profesorado do ensino público, leva varios anos solicitando, tanto no ámbito autonómico como no estatal, a incorporación de profesionais de Enfermería a todos os centros educativos públicos, para formar e asistir sanitariamente aos escolares. Esta figura volveuse imprescindible nas actuais circunstancias.

ANPE Galicia considera que a implantación da enfermería escolar sería moi positiva en canto á formación, á asistencia en caso de accidente, á prevención, á detección de problemas de saúde, á información sobre sexualidade ou á integración do alumnado con discapacidade ou enfermidades crónicas. Este servizo permitiría ofrecer unha boa educación e saúde aos rapaces, que propiciaría a adquisición de hábitos de vida saudables en idades temperás e a redución de riscos de enfermidades futuras, co conseguinte beneficio para a saúde persoal e o aforro para o sistema sanitario. A ausencia destes profesionais nos centros xera graves problemas, pois os docentes vense obrigados a atender necesidades de saúde alleas ás súas competencias e pode prexudicar a escolarización de nenos e nenas con enfermidades crónicas (diabete, epilepsia). As novas medidas hixiénico-sanitarias xeradas pola pandemia volven indispensable a enfermería escolar.

O Goberno autonómico creou a figura dos equipos COVID e o seu coordinador en cada centro, que ha de corresponder a un profesional sanitario, non docente, pois axudaría a supervisar o cumprimento dos protocolos sanitarios, detectar posibles casos, realizar test a membros do centro, asesorar a familias, profesorado e alumnado, coordinar as actuacións e medidas a tomar para controlar a propagación da pandemia ou podería coordinarse mellor cos centros de saúde de referencia. A enfermería escolar podería, ademais das labores propias, facer de enlace cos rastrexadores, detectando casos no núcleo familiar do alumno.

ANPE Galicia manifesta que, se ben en toda circunstancia é preciso atender ao benestar físico, mental e social da comunidade educativa, no centro e dentro do horario escolar, na actualidade isto implica, como cometido fundamental, a xestión de aspectos relacionados coa COVID-19, un foco de grande inquietude e incerteza para o alumnado, as familias e o profesorado. Esta tarefa require a participación de profesionais sanitarios.

Polo tanto, solicito á Administración autonómica a inclusión de Enfermería Escolar en todos os centros educativos públicos da Comunidade de Galicia. Por todo iso, agradecería que tivera a ben recibir a unha representación da nosa organización sindical nunha vindeira xuntanza.

Un cordial saúdo.

Julio Díaz Escolante
Presidente ANPE Galicia